

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 17.01.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de xaneiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 21680 (10/CPC-000036)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Planificación e Orzamentos, por petición propia, para informar sobre a posición de Galicia na reforma do financiamento autonómico.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 7197 (10/PNC-000742)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 2.2 9136 (10/PNC-000954)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento da inflación rexistrado en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2017, en relación coas previsións iniciais, así como coa media do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017
- 2.3 20659 (10/PNC-001686)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso electoral referido á demanda ao Goberno central da rebaixa do imposto sobre o valor engadido para os alimentos sen glute
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

Punto 3. Dación de conta

- 3.1 150 (10/MOP-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondes ao mes de setembro de 2016
Publicación, BOPG n.º 707, do 21.10.2016
- 3.2 12684 (10/MOP-000010)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2017
Publicación, BOPG n.º 154, do 28.07.2017
- 3.3 16716 (10/MOP-000013)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2017
Publicación, BOPG n.º 182, do 27.09.2017
- 3.4 18570 (10/MOP-000014)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2017
Publicación, BOPG n.º 194, do 17.10.2017
- 3.5 20302 (10/MOP-000015)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2017
Publicación, BOPG n.º 215, do 22.11.2017
- 3.6 21595 (10/MOP-000016)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2017
Publicación, BOPG n.º 234, do 29.12.2017
- 3.7 19760 (10/IIGA-000005)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e a información sobre os avais vixentes a 30 de setembro de 2017 do IGAPE
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

- 3.8 11 (10/ESEX-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado de execución do orzamento correspondente ao segundo trimestre de 2016
- 3.9 2477 (10/ESEX-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado de execución do orzamento, terceiro trimestre 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017
- 3.10 7292 (10/ESEX-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria cuarto trimestre 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 3.11 11131 (10/ESEX-000004)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria primeiro trimestre 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 3.12 17345 (10/ESEX-000005)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria segundo trimestre 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 3.13 21885 (10/ESEX-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria terceiro trimestre 2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez, na data 10/01/2018 9:48:02

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21680(10/CPC-000036)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Planificación e Orzamentos, por petición propia, para informar sobre a posición de Galicia na reforma do financiamento autonómico.


Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia e a petición propia -ante a Comisión 3ª, Economía Facenda e Orzamentos- do director xeral de Planificación e Orzamentos para informar **“sobre a posición de Galicia na reforma do financiamento autonómico”**.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7197(10/PNC-000742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co financiamento do Fondo de
Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:34
Nº Rexistro: 7197
Data envío: 29/03/2017 12:34:09.702



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do seu deputados-portavoz, **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do seu deputado **Abel Losada Álvarez** e da súa deputada **Begoña Rodríguez Rumbo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) foi un elemento central da política rexional, cando menos, desde 1990. A partir da reforma de 1990, o FCI configúrase como un mecanismo de promoción do desenvolvemento económico das rexións españolas atrasadas, en cumprimento das previsións constitucionais.

En 2001 créanse dous subfondos, o de Compensación e o Complementario, que, dotado dun terzo dos recursos totais, pode financiar gasto corrente asociado a proxectos de investimentos recentes. En Galicia o FCI tivo unha grande importancia. Achegou anualmente á Comunidade Autónoma de Galicia unha media de 194 millóns de euros, a valores de 2011, no período 1990-2013. Certo que despois de acadar un máximo nos primeiros anos noventa, cae durante algo máis dunha década, cun mínimo relativo en 2002, recupérase durante os anos de expansión e precipítase de novo nos últimos catro anos. En 2013 o FCI apenas representaba unha cuarta parte do valor inicial.

Estamos vivindo xa o inicio dunha nova fase na que os instrumentos internos de política rexional gañarán relevancia por varios motivos:

- Porque o estancamento da economía española afectará ao proceso de converxencia rexional debilitándoo.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Porque as normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira así como a necesidade de continuar cos procesos de consolidación fiscal no ámbito autonómico reducirán notablemente os fondos de préstamos con destino a gastos de capital das comunidades.
- Os fondos europeos de desenvolvemento con destino a Galicia caerán sensiblemente no próximo período de programación, ao ser rexión *phasing out*.

O FCI deberá xogar, pois, un papel máis destacado que nas últimas décadas, no conxunto de España e en Galicia, para que os compromisos constitucionais de equilibrio territorial podan cumprirse. O elevado nivel competencial acadado responsabiliza fortemente ás autonomías do que sucede no seu territorio. O equilibrio, xusto e adecuado, en moitas áreas de gasto, dependerá da capacidade das comunidades autónomas para alimentar unha formación de capital de certa intensidade. Contar con instrumentos solidarios para o desenvolvemento é unha necesidade. Temos que ter en conta que o deterioro do FCI careceu de importancia ata o momento pola potencia dos fondos europeos. Pero non será así no futuro.

O método de asignación dos recursos do FCI ás comunidades beneficiarias non variou apenas desde 1990.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno de España para converter o FCI nun potente instrumento de desenvolvemento rexional, que compense a perda de importancia que a



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

partir de agora terán os fondos europeos e outorgue un novo impulso á converxencia interrexional modificando tres elementos claves do actual Fondo de xeito que:

1.- Se incremente substancialmente o volume dos fondos a disposición das comunidades autónomas beneficiarias e que se faga depender a súa evolución dunha base de cálculo máis ampla e con menor variabilidade cíclica que o investimento real civil novo como puidesen ser os gastos non financeiros do orzamento consolidado da Administración Xeral do Estado. Proponse destinar ao FCI un 2 % dos gastos non financeiros do Estado.

2.- Recoller expresamente na lei o criterio de selección de comunidades autónomas beneficiarias, que serán aquelas cunha renda por habitante inferior á media española.

3.- Facer efectivas as previsións da lei, en canto aos criterios de selección de variables, e proceder á súa revisión, aprazada por demasiado tempo. Para iso, manterase a distinción entre a fase asignativa e a redistributiva.

a) Na fase asignativa deberían utilizarse as seguintes variables:

- Poboación equivalente, que teña en conta os tramos de poboación convenientemente ponderados.
- Superficie
- Dispersión
- Insularidade
- O inverso da poboación ocupada relativa
- O esforzo investidor autonómico, proporción que representan os gastos de capital autónomo sobre os ingresos da Comunidade Autónoma.

b) Na fase redistributiva utilizarase a inversa da renda por habitante.
4.- Converter o FCI nun verdadeiro Fondo Interanual de Desenvolvemento (FIDER) coas seguintes características

1.- Cambiar o carácter anual do FCI para incardinalo nunha programación plurianual.

2.- Mellorar a avaliación dos programas que deben ser obxecto de seguimento e avaliación. De forma previa á súa validación polo Consello de Política Fiscal e Financeira sufrirán unha avaliación externa independente, completando metas cuantificadas que permitan efectuar un xuízo obxectivo sobre o seu nivel de cumprimento no modo e prazos previstos.

3.- Eliminar a escisión do FCI entre un Fondo de Compensación e un Fondo Complementario, integrando os recursos do último no principal. O FCI debe financiar gastos destinados a aumentar o stock de capital público, so pena de confundirse con outros instrumentos do financiamento autonómico.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez

Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2017 12:26:34

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/03/2017 12:26:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 12:34
Nº Rexistro: 7197
Data envío: 29/03/2017 12:34:09.702



Grupo Parlamentario



Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/03/2017 12:26:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 9136(10/PNC-000954)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento da inflación rexistrado en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2017, en relación coas previsións iniciais, así como coa media do Estado

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e **Antón Sánchez García** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No que levamos do ano 2017 Galicia esta sufrindo un aumento da inflación moi por riba tanto das previsións iniciais como da media do Estado. O IPC en termos anuais medrou o 3,3% en xaneiro fronte o 3% en España; o 3,3% en febreiro fronte o 3% en España; o 2,7% fronte o 2,3% en marzo e no mes de abril a suba dos prezos en Galicia foi do 2,8% fronte ao 2,6%.

En síntese, a inflación en Galicia no primeiro cuadrimestre acumula un incremento medio do 3% fronte ao 2,7% de España e ámbolos dous moi por riba da previsión de inflación para 2017 que é o 1,2%.

Xa son catro meses nos que os prezos medran por riba do 3%, a cifra máis alta dende 2008, e iso significa que non estamos diante dun simple e conxuntural aumento dos prezos, senón que volvemos ao escenario habitual de inflación da economía española e galega.

O que introduce maiores problemas neste caso é a abrupta transición de escenarios de inflación moi baixa e mesmo negativa, o outro, onde se incrementan os prezos de forma significativa.



A razón é que cando os prezos soben máis do que estaba previsto provocan graves distorsións económicas e quebrantos nos casos de perceptores de rendas que non se actualizan de forma inmediata para corrixir a desviación dos prezos.

Esta é a situación na que a día de hoxe se atopan os empregados públicos, os asalariados en xeral, os pensionistas, os perceptores de rendas públicas. En concreto:

1.- Os empregados públicos, que teñen os seus salarios nominais conxelados porque o orzamento da Xunta de Galicia non contempla ningún incremento, de tal forma que xa levan catro meses perdendo un 3% de poder adquisitivo.

Dende o 2010, no que se lle baixou o soldo ao 5%, esta é a maior redución do seu salario real.

2.- Os asalariados do sector privado, que acordaron coas empresas un incremento salarial do 1% en 2016 e que agora sofren un enorme retraso na negociación dos convenios para 2017, de tal forma que están perdendo ata dous puntos de poder adquisitivo. Unha situación que non se daba dende 2013 porque, a pesares dos baixos incrementos nominais pactados a inflación baixa ou negativa traducíase en ganancia de poder adquisitivo.

3.- Os pensionistas, que teñen a súa pensión practicamente conxelada dende 2014 por aplicación da fórmula de revalorización introducida na última reforma do sistema de pensións, xa que nos últimos catro anos —incluído o 2017— as pensións increméntanse o 0,25% cada ano. En catro anos a subida acumulada e do 1% e, agora, cun IPC no 3% van sufrir una perda brutal de poder adquisitivo, algo inaceptable nun país como o noso no que a pensión media está en 771 euros.

4.- Os perceptores de calquera prestación pública, dende a Risga ata as prestacións por desemprego. Porque ningunha destas rendas se van a actualizar e, polo tanto, empezan o ano perdendo o 3% do seu valor real. Unha situación que



afecta de forma especial ás prestacións vinculadas o IPREM que leva, dende o ano 2010, conxelado en 532 euros.

Estamos falando da inmensa maioría social, porque as persoas pensionistas, as asalariadas do sector público e privado, os desempregados e as persoas que dependen deles supoñen unha porcentaxe próxima ao 90% do total da sociedade galega.

Por iso, a redución das súas rendas en termos reais —salarios, pensións, prestacións— non só vai provocar un empeoramento das súas condicións de vida senón que, ademais, ten graves e negativas repercusións sobre a actividade económica.

Cos datos de 2015 do IGE sabemos que estas rendas supoñen o 87% do gasto dos fogares galegos e, polo tanto, a redución das súas rendas, en termos reais, vai provocar unha caída da demanda interna que terá como consecuencia inmediata unha desaceleración da actividade económica.

Os fogares que teñen como principal fonte de ingresos os salarios aportaron o 46% do gasto total en Galicia en 2015, seguido do 39% gastado por fogares que teñen nas pensións os subsidios e as prestacións a súa fonte principal de ingresos.

Baixar salarios e pensións supón deprimir a demanda interna e, polo tanto, a económica e o emprego.

Nestes anos anteriores deuse a situación contraria. A pesares de que tanto salarios como as pensións tiveron incrementos mínimos —o 0,25 as pensións e por baixo do 1% os salarios— a inflación negativa transformou esta variación mínima en incrementos reais das rendas.

Agora a situación é contraria: segue o incremento nominal baixo pero cunha inflación no 3% prodúcese unha enorme perda de poder adquisitivo dos pensionistas e asalariados.



Segundo o discurso oficial o 2017 é o cuarto ano da recuperación, pero para os 825.000 asalariados e asalariadas de Galicia e as súas familias e para os 760.000 pensionistas continúa a crise, porque van sufrir unha caída moi importante da súa renda real.

Un problema que ten a súa orixe nas prácticas dos oligopolios, especialmente, os que dominan o sector enerxético, tanto no mercado da electricidade como no dos carburantes.

Neste caso non é discutible quen ten a responsabilidade no aumento da inflación: obviamente non son os salarios- que apenas medran o 1%- senón os beneficios extraordinarios que acadan as grandes compañías eléctricas e petroleiras que se aproveitan da súa posición de control para subir prezos e obter así unha maior rendibilidade.

O informe do IGE demostra con total evidencia, porque os principais responsables de que o IPC este no 3% son dúas rubricas: electricidade, gas e combustibles e a utilización do vehículo persoal polo prezo dos carburantes. Entre estas dúas rubricas aportan 2,1 puntos dos 3 no que se incrementaron os prezos: o 65% do total.

Un comportamento inaceptable por moitas razóns de xustiza social, pero tamén económicas. Levamos sete anos sufrindo unha deriva devaluación interna, que se concreta na redución dos salarios, baixo a coartada de recuperar competitividade internacional a través da redución dos prezos. Pois ben, se o IPC en España/Galicia medra o dobre que a media da UE, significa que por culpa do incremento dos beneficios do oligopolio enerxético, pérdense as hipotéticas vantaxes da redución de custes pagada co duro prezo da redución dos salarios.

E, polo tanto, un comportamento empresarial inaceptable que afecta ao conxunto da economía e, polo tanto, do emprego, que ten que ser corrixido de xeito inmediato. Non se pode aguantar que se someta a toda a cidadanía a unha dieta



de austeridade extrema e que unha ínfima minoría se burle dese esforzo con prácticas que provocan problemas de competitividade ás empresas industriais e ao conxunto da economía do país.

Hai que dicilo claramente: é urxente actuar contra os oligopolios, defendendo os intereses da cidadanía, do tecido produtivo e do conxunto do país.

As consecuencias da abrupta subida dos prezos por culpa dos oligopolios ten consecuencias sobre a vida das persoas, sobre a economía e tamén sobre as contas públicas, empezando polos orzamentos.

Nos orzamentos para 2017, que se veñen de probar fai pouco no Parlamento, tanto os ingresos como os gastos están condicionados por unha previsión de inflación que está moi por baixo da realidade actual.

A previsión de inflación do orzamento é do 1,2% pero o IPC leva catro meses instalado no 3%: case o triplo. E isto ten consecuencias moi relevantes, tanto nos ingresos como nos gastos.

Nos gastos, porque con este nivel de prezos o orzamento, no seu conxunto, decrece en termos reais, porque o seu crecemento nominal está por baixo do 3%.

Así, as operacións non financeiras medran no orzamento o 2,7% en comparación con 2016 e, polo tanto, cunha inflación do 3% estase reducindo ao 0,3% en termos reais, unha caída que afecta de forma especial aos gastos de persoal xa que o incremento nominal do 1,3% transfórmase nunha redución do 1,7% en termos reais.

Unha caída en termos reais que afecta á maioría das funcións nas que se distribúe o orzamento. A sanidade e a educación medran o 2,8% nominal e polo tanto sofren unha redución en termos reais. E o mesmo lle sucede ao investimento en infraestruturas, á dinamización do medio rural, ás actuacións medioambientais e ao I+D+i.



O orzamento de 2017 xa non se podía cualificar de expansivo porque medraba por baixo do PIB nominal pero agora, cunha inflación que case triplica a previsión, pasa a ser un orzamento claramente contractivo. Un dato demostra: o PIB nominal podería superar o 5% de manterse o IPC no seu valor actual fronte ao 2,8% no que medrara o gasto non financeiro, o que financia os servizos públicos, os investimentos, as prestacións e a política social.

No caso dos ingresos a situación sería a inversa, porque un incremento nominal superior ao estimado tradúcese na mellora das bases impositivas das diferentes figuras tributarias e, polo tanto, a recadación será maior á prevista.

Por iso, se non hai rectificación nos gastos, o resultado será a profundización nas políticas de recortes, destinando os maiores ingresos nominais a reducir o déficit ao tempo que se empeora a dotación de recursos que financian os servizos públicos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Combater as causas que están detrás do incremento dos prezos, en especial, se o IPC en Galicia segue por riba da media do Estado.
- Buscar a fórmula de compensar a perda de poder adquisitivo das persoas que dependan dela.

- Rectificar as cifras macroeconómicas e as estimacións de ingresos e gastos para adaptalas á nova realidade.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 16:40:50

Antón Sánchez García na data 15/05/2017 16:41:00

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 20659(10/PNC-001686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso electoral referido á demanda ao Goberno central da rebaixa do imposto sobre o valor engadido para os alimentos sen glute

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as accións realizadas polo Goberno galego para rebaixar o prezo dos alimentos para persoas celíacas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o informe sobre o prezo dos alimentos para celíacos do ano 2017, elaborado pola FACE (Federación de Asociacións de Celíacos do Estado), na que se integra ACEGA (Asociación de Celíacos de Galiza), a diferenza de prezos na compra anual só de produtos básicos para unha persoa celíaca é de 1.040 €.

Na precampaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2016, en concreto o 30 de agosto de 2016 en Ferrol, o presidente Feixóo anunciou que lle pediría ao Goberno Central unha rebaixa no IVE para os alimentos sen glute.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 20659
Data envío: 23/11/2017 18:05:41.684

Por este motivo, e pasado máis dun ano desa promesa electoral, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cumprir a promesa electoral realizada polo Presidente do Goberno galego, na campaña das eleccións ao Parlamento Galego celebradas no ano 2026, e polo tanto esixirlle ao Goberno español a rebaixa do IVE para os alimentos sen glute para as persoas celíacas.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 20659
Data envío: 23/11/2017 18:05:41.684

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2017 17:59:58

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2017 18:00:02

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2017 18:00:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/11/2017 18:00:09

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2017 18:00:14

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2017 18:00:18

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3. Dación de conta

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 150(10/MOP-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Documentación respecto das modificacións orzamentarias
correspondes ao mes de setembro de 2016

Publicación, 707, 21.10.2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

17 OUT. 2016

Núm. 150

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

17 OUT. 2016

SAIDA

Núm. 1098

Para cumprir o indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2016.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 12684(10/MOP-000010)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2017


Publicación, 154, 28.07.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Para cumprir o indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2017.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 16716(10/MOP-000013)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto
de 2017



Publicación, 182, 27.09.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Para cumprir o indicado na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2017.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 18570(10/MOP-000014)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de
setembro de 2017

Publicación, 194, 17.10.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

10 OUT. 2017

Núm. 18570

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

10 OUT. 2017

SAIDA

Num. 829

Para cumprir o indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, trasládolle documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2017.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 20302(10/MOP-000015)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2017

Publicación, 215, 22.11.2017



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dou traslado en soporte informático da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2017, segundo comunica a Consellería de Facenda.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCÍA-SEÑORÁNS ÁLVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e Hora: 15/11/2017 10:16:19

CVE: 9mTUXW0L8
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>



Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.6 21595(10/MOP-000016)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de
novembro de 2017

Publicación, 234, 29.12.2017



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2017.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 15/12/2017 13:14:17

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: QHVGZu8n1
Verificador: <https://sede.xunta.gal/cve>



Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.7 19760(10/IIGA-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e a información sobre os avais vixentes a 30 de setembro de 2017 do IGAPE

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



En cumprimento do establecido no artigo 11 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a **concesión de préstamos polo IGAPE**, e no artigo 13 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de **avais do IGAPE**, achégolle a información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e a información sobre os avais vixentes a 30 de setembro de 2017.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Axinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 06/11/2017 10:05:23

CVE: d9W6d7Yc1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.8 11(10/ESEX-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución do orzamento correspondente ao segundo
trimestre de 2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

28 SET. 2016

Núm. 11

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

27 SET. 2016

SAIDA

Num. 1088

De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás o SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta

A citada documentación refírese ao **segundo trimestre de 2016**.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.9 2477(10/ESEX-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución do orzamento, terceiro trimestre 2016

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

23 DEC. 2016

Núm. 2477



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (excepto SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **terceiro trimestre de 2016**.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016



directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.10 7292(10/ESEX-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria cuarto trimestre 2016


Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (excepto SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **cuarto trimestre de 2016**.

Santiago de Compostela, 29 de marzo 2017



directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.11 11131(10/ESEX-000004)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria primeiro trimestre 2017



Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás o SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta

A citada documentación refírese ao **primeiro trimestre de 2017**.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.12 17345(10/ESEX-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria segundo trimestre 2017



Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

- 1) Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- 2) Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
- 3) Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
- 4) Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
- 5) Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
- 6) Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
- 7) Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
- 8) Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **segundo trimestre de 2017**.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

3.13 21885(10/ESEX-000006)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria terceiro trimestre 2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **terceiro trimestre de 2017**.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia